

Os socialistas de Vilalba critican que Concello e Xunta aínda non asinasen o convenio de xestión da escola infantil cando esta leva aberta un ano

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Esta situación está a provocar que a entidade local, ademais do importe por reparacións, se vexa na obriga de asumir gastos que non lle corresponden segundo o acordo pactado coa administración autonómica como os de teléfono, subministro de gas e limpeza

Eduardo Vidal denuncia que, en distintas manifestacións públicas, o Alcalde afirmou que esta instalación, ao ser de titularidade autonómica, non ía devengar custos ao Concello. Nembargantes, no Orzamento do presente ano, figura unha partida de 75.000 euros destinada a este fin

Os socialistas consideran que o Concello está a vulnerar a lexislación de contratos ó constatar que nalgunha Xunta de Goberno, malia ter o informe en contra da Secretaría e da Intervención Municipal, se aprobou o pagamento de facturas polo concepto de "obras de reparación e conservación" cun importe que supera amplamente o prezo establecido polos contratos menores

Os socialistas de Vilalba denuncian publicamente que o Concello e a Xunta de Galicia continúen sen asinar o convenio de colaboración para a xestión da escola infantil, a pesares de que hai case un ano que esta instalación pública entrou en funcionamento. Esta situación está a provocar que a entidade local, ademais de gastos por reparacións, se vexa na obriga de asumir custos innecesarios e que non lle corresponden segundo o acordó pactado coa administración autonómica como os de teléfono, subministro de gas e limpeza.

Neste senso, o voceiro municipal do PSOE, Eduardo Vidal Baamonde, critica "a deixadez" dos Gobernos local e autonómico, pois a entidade local está a pagar, por exemplo, facturas de limpeza sen que se teña adxudicado por concurso o correspondente servizo. Proba delo, asegura o socialista, é que só na Xunta de Goberno Local do día 11 de xuño se aprobaron conceptos deste tipo por importe de 7.774,66 euros.

"Isto demostra a ineficacia do Goberno que temos. O funcionamento da escola formaba parte do acordo co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. Non entendemos por que, a día de hoxe, se teñen que destinar fondos públicos do Concello a este fin cando deberían de ser asumidos pola Xunta de Galicia. Os veciños de Vilalba débeno saber. Aquí prodúcense dúas cousas: ou ben o Alcalde non foi quen de xestionar o convenio, o ben a administración autonómica non quere cumprir o compromiso asumido. Cremos que o Partido Popular ten que dar explicacións e, o que é máis importante, ten que indicar prazos concretos sobre cando se vai formalizar o acordo definitivamente", concluíu Vidal.

Supostamente a escola infantil non ía devengar custos ó Concello

Eduardo Vidal indica, deste xeito, que en distintas manifestacións públicas, o Alcalde afirmou que a nova escola infantil, ao ser de titularidade autonómica, non ía devengar os custos ao Concello. Nembargantes, no Orzamento do presente ano, figura unha partida de 75.000 euros destinada a este fin, "e que foi xustificada polo Sr. Criado dicindo que obedecía a un convenio asinado coa Xunta".

Pero o certo é que, a día de hoxe, o convenio de colaboración "segue metido nun caixón". O feito de que este continúe sen asinarse, demostra, unha vez máis, a deixadez que o Goberno municipal amosa



sobre os asuntos de interese público. "O que sí fai o Alcalde, Pleno tras Pleno, é depurar ordenanzas municipais, co gallo de recadar máis, e máis axiña", afirma o socialista.

Máis reparos de legalidade no pagamento de facturas

O grupo municipal do PSOE considera, así mesmo, que o Concello está a vulnerar a lexislación de contratos, pois constatou que na Xunta de Goberno do 2 de xullo de 2013, co informe en contra da Secretaría e da Intervención Municipal, se aprobou o pagamento dunha factura polo concepto de "obras de reparación e conservación" por importe de 52.274,55 euros. Dita contía, supera amplamente a establecida para os contratos menores, polo que estas obras tiñan que ser adxudicadas baixo a tipificación dunha licitación polo procedemento de negociado aberto", asegurou o voceiro do PSOE en Vilalba.

27 de novembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo